

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE PERSOAS BENEFICIARIAS, EN AGARDA E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DO COMERCIO LOCAL. PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. ANUALIDADE 2020

O pasado 8 de xullo ditouse resolución da Alcaldía sobre a publicación das listaxes provisionais de persoas beneficiarias, en agarda e excluídas da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local, programa Coidar para Mellorar, anualidade 2020.

Advertido un erro material na documentación que deben achegar as persoas susceptibles de resultaren beneficiarias (integrantes das listaxes A) e ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, e das competencias que me outorga o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a demais normativa concordante e as bases de execución do orzamento municipal

RESOLVO

Primeiro.- Facer constar que a documentación que deben achegar as persoas susceptibles de resultaren beneficiarias integrantes da listaxe A de calquera das tres liñas A, B ou C da convocatoria, é que se segue:

- Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúe a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.

- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago.
- Documentación acreditativa do número de persoas empregadas na empresa (RNT e RLC) o mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non existe persoal empregado.
- Se é o caso, certificado expedido polo órgano competente que acredite formar parte dun centro comercial aberto, asociación empresarial ou de comerciantes.

Segundo.- Manter a resolución de Alcaldía de data 8 de xullo en todos os demais termos. Para estes efectos, aclárase que esta corrección non suspende nin reanuda o prazo de dez días hábiles concedidos para a achega da documentación ou presentación de alegacións das persoas integrantes das listaxes A e C respectivamente, porque a documentación relacionada xa aparecía correctamente recollida nas bases reguladoras da convocatoria publicada no BOP de A Coruña número 67 do 8 de maio.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2020

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela